

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO "PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU"

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha banda, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Antonia López Arroyo, Presidenta da Fundación de Solidaridad Amaranta, que actúa en nome e representación da entidade co NIF G84913946 e facendo uso das facultades que lle foron outorgadas por medio de escritura outorgada ante a notaria de Madrid, Eva María Sanz del Real o 21 de xuño de 2021, co número de protocolo 1400.

Ambas partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. De acordo co artigo 29.1.a) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero ten entre as súas funcións impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na demais lexislación aplicable na materia.

IV. A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dispón "a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren".



A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

O Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) inclúe no seu Anexo I o Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres. A Área 2 deste catálogo adícase á “Asistencia Social Integral e á Reparación” e, dentro desta, establécense os “Servizos especializados de apoio, asistencia e recuperación integral” para as vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres. Nestes servizos, entre outras prestacións, garantírase o aloxamento temporal seguro, tanto de emerxencia como de longa estancia, prevéndose tamén a adaptación dos servizos especializados ás necesidades específicas das mulleres novas, das mulleres maiores, das mulleres con discapacidade, das mulleres con problemas de adicción, de saúde mental, das mulleres sen fogar ou en risco de exclusión social.

V. O 21 de xullo de 2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central un “Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, permitindo levar a cabo reformas a nivel nacional como en gobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas. En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España, que a súa vez foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021. O citado Plan contempla 4 eixos: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero, que se proxectan en 10 políticas panca. Dentro da política panca 8, Nova economía dos coidados e política de emprego, está incorporado o Compoñente 22 (C22) “Plan de Choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión”, e nel encádrase o investimento C22.I4 “Plan España protéxete contra a



violencia machista” que ten como obxectivo a creación de alomenos un centro de atención integral para as vítimas de violencia sexual en cada provincia, así como un nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Así, as Resolucións da Secretaría de Estado da Igualdade e Contra a Violencia de Xénero do 13 de xullo de 2021, do 14 de xuño de 2022 e do 16 de marzo de 2023 publican os Acordos da Conferencia Sectorial de Igualdade polos que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, do crédito destinado á creación dos centros de atención integral 24 horas a vítimas de violencia sexual, con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se formalizan os compromisos financeiros resultantes.

VI. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ten constatada a necesidade de acometer nos centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero as melloras que sexan necesarias na súa seguridade, accesibilidade, comunicación, dixitalización e/ou modernización, garantíndose así a adecuada prestación do servizo de aloxamento temporal seguro, tanto de emerxencia como de longa estancia, para as mulleres vítimas e os fillos e fillas delas dependentes, e aos que se podan derivar as mulleres usuarias dos servizos de atención integral 24 horas e que necesiten dispor dun recurso de aloxamento.

VII. A Fundación de Solidaridad Amaranta, constituída con data 30 de novembro de 2006, foi inscrita no Rexistro de Fundacións de carácter estatal por Resolución do 30 de marzo de 2007 có número de rexistro 816 e figura recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-6098. Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dun centro de acollida de transición á vida autónoma para mulleres, denominado Casa de Acollida Alborar acondicionado e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e cómpre os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero. A Fundación ten como finalidade **contribuír** ao pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres en todo o mundo



especialmente promovendo o acceso aos mesmos, daquelas en situacións de maior vulnerabilidade ou exclusión social así como traballar a favor da incorporación social e laboral das mulleres que se atopan en contextos de prostitución, tráfico e trata para a súa explotación e outras situacións de exclusión.

A través do presente convenio preténdese dotar de equipamento necesario e sostible ao centro de acollida e transición a unha vida autónoma da Fundación de Solidaridad Amaranta, con este obxectivo o que se pretende é mellorar a calidade do recurso así como a súa eficiencia enerxética sen esquecer a adaptación á normativa vixente e adquirir un vehículo para o acompañamento das usuarias aos recursos asistenciais que precisen e que poden atoparse en todo o territorio da Comunidade Autónoma, así como para a realización de traslados de usuarias derivadas desde outros puntos de Galicia.

Con cargo a este convenio realizaranse as seguintes actuacións: obras e reformas no centro de acollida, adquisición de equipamento e mobiliario e adquisición dun vehículo así como a instalación do cargador eléctrico do mesmo.

VIII. Considérase que a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Fundación de Solidaridad Amaranta comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coadxuven na consecuencia dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer vías de colaboración que fomenten a mellora dos centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero existentes en Galicia e, en consecuencia, as partes consideran oportuno subscribir o presente convenio.

IX. A concesión directa da subvención por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario; neste caso o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres vítimas de violencia de xénero uns recursos de acollida que contén cuns servizos de calidade nunha contorna adecuada, o que se procurará a través da mellora tanto do equipamento da vivenda de acollida, dal cal é titular, destinada a tal fin como coa realización das obras necesarias para poder prestar un servizo integral de atención, apoio, acollida e de recuperación que teña en conta a especial vulnerabilidade na



que se atopan estas persoas, que poidan levar a cabo as entidades que forman parte da Rede galega de acollemento e dada a inexistencia na Comunidade Autónoma de Galicia de ningún recurso de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero na provincia de Ourense.

X. Neste marco resultan de aplicación o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, o Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece o instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación, tras a crise da Covid-19 e o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade á entidade Fundación de Solidaridad Amaranta para a realización de diferentes actuacións na casa de acollida, da cal é titular situada na cidade de Ourense. A finalidade deste convenio é que o espazo conte cun equipamento preciso para dar



resposta ás necesidades das usuarias de xeito integral xa que o espazo que habitas, malia ser un recurso de acollida, xoga un papel chave no benestar tanto físico como emocional de quen está nun proceso de restablecemento e iniciando un proxecto vital alternativo.

Realizaranse diferentes actuacións de renovación dos espazos da casa de acollida, así como a renovación de distintos elementos de equipamento da casa e a adquisición doutros que permitan mellorar a confortabilidade dos espazos de convivencia e a dotación de mellores elementos técnicos, levaranse a cabo obras de reforma e adecuación de espazos, entre outros traballos de impermeabilización en zona con problemas de humidade e renovación de sanitarios, traballos de pulido, e renovación do falso teito, traballos de pintura de habitacións e zonas comúns ou instalación dunha cociña, adquisición de equipamento e mobiliario tales como a compra de equipos informáticos e a renovación de electrodomésticos así como a adquisición dun vehículo.

Segunda.- Financiamento

O importe total das axudas para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de 204.473,40€ (douscentos catro mil catrocentos setenta e tres euros con corenta céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 38.06.313D.781.0 (código de proxecto 2022 00094) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A través deste convenio finánciase o 100% das actuacións a realizar.

O presente financiamento enmárcase no "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU", que inclúe unha liña de inversión C22.I4 "Plan España te protege contra la violencia machista".

Terceira.- Actuacións a realizar e gastos subvencionables

1. A Fundación de Solidaridad Amaranta realizará actuacións que impliquen unha mellora no equipamento, comunicación, dixitalización e/ou modernización do centro de acollida de Ourense para mulleres vítimas de violencia de xénero, entre as que se inclúen as seguintes:

- a) Obras e reformas no centro de acollida: 114.138,52 euros.
- b) Adquisición de equipamento e mobiliario para vivenda e oficina, incluídos equipos informáticos por importe de 40.459,39 euros



c) Adquisición dun vehículo para o traslado das mulleres do recurso de acollida e instalacións de cargador para vehículo eléctrico por importe de 49.875,49 euros.

2. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de novembro de 2024.

3. Na execución da obra ou na adquisición do equipamento estarase ao disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Tal como establece o apartado 4 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os supostos de bens inventariables, a persoas beneficiarias desta subvención deben destinar os mesmos ao fin concreto para o que se concedeu, polo menos, durante 5 anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público, e durante dous anos, para o resto de bens.

5. Con carácter xeral os gastos subvencionados deberán respectar o disposto nos artigos 5, 9 e 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Só se poderán financiar gastos e actuacións que sexan acordes ao principio DNSH para os seis obxectivos ambientais establecidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088; especialmente os investimentos relacionados con combustibles fósiles, incluído o uso posterior dos mesmos. Ademais, deberán cumprir cos obxectivos ambientais establecidos para os investimentos do Compoñente 22 do PRTR, en particular no que ten que ver co obxectivo de mitigación do cambio climático e o de transición a unha economía circular, así como aos obxectivos de transición ecolóxica e dixital establecidos no Plan.

6. O custo dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

7. Non se considerarán gastos subvencionables:

- a) Os gastos financeiros, licenzas, tributos e impostos indirectos, excepto o IVE cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.
- b) Os intereses, recargas de mora e sancións que sexan impostas á entidade.
- c) Os gastos derivados de procedementos xudiciais.



d) Os gastos que non respecten as normas en materia ambiental que se deriven da aplicación do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 e do Consello do 18 de xuño de 2020.

Cuarta.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) **Memoria explicativa do proxecto de investimento** efectivamente realizado en relación coa axuda concedida, subscrita polo órgano competente da entidade, xunto coas fotografías da actuación realizada, nas cales se deixe constancia do cumprimento das obrigas de información e publicidade derivadas do seu financiamento público. Así mesmo entregárase a dita memoria en formato editable.
- b) **Certificación**, expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- c) **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- d) **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- e) **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.



- f) **Tres orzamentos** que, no seu caso, debeu ter solicitado a entidade en aplicación do artigo 29.3 da Lei, do 13 de xuño.
- g) **Carta de pago de reintegro** no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- h) Calquera outros informes ou documentos xustificativos que, de acordo coa normativa europea ou nacional, resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como a subministración de información que sexa solicitada para dar cumprimento ao adecuado sistema de xestión e seguimento do Plan, informando do que sexa preciso para alimentar o devandito sistema e as aplicacións informáticas que a normativa nacional ou europea prevexa para a xestión, o seguimento e o control do financiamento e os obxectivos; incluíndo, pero non limitado, a documentación acreditativa da xustificación do cumprimento dos requisitos ambientais requiridos na execución dos proxectos.

Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto nunha contía máxima dun 20% do importe da axuda concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **1 de decembro de 2024**.

Quinta.- Pagamentos anticipados

1. Poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio.
2. Realizarase un primeiro pagamento do 50% da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo tras a sinatura do convenio.



O 50% restante, ou a parte proporcional que corresponda, librarase logo da xustificación pola entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu e demais condicións exixidas neste convenio.

3. De acordo co establecido no artigo 65.4.h) *Réxime xeral de garantías* do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, quedan exonerados da constitución de garantías as entidades non lucrativas que desenvolvan programas de acción social.

Sexta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

A entidade interesada responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Sétima.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso a entidade interesada deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Oitava.- Reintegro da subvención

1. A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

2. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución que en cada caso corresponda será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. En caso de non cumprir cos principios e obrigas ou calquera outro aspecto derivados do Regulamento UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como no resto de normativa da Unión Europea que sexa de aplicación, en particular o incumprimento do principio de «non causar dano



significativo», a entidade beneficiaria deberá reintegrar os fondos recibidos de maneira total ou parcial, en cada caso.

No caso de existir falta de fiabilidade de indicadores ou fitos reportados, ou calquera outra irregularidade que dependa da súa responsabilidade, deberá reintegrar os fondos recibidos de maneira total ou parcial, en cada caso.

En todo caso, o reintegro producirase se o incumprimento en que incorrese a entidade beneficiaria impide a cobranza das cantidades asignadas polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ao Estado. Neste suposto a contía do reintegro será equivalente ao importe que o Estado deixou de recibir do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Novena.- Obrigas da entidade beneficiaria

1. A Fundación de Solidaridad Amaranta, como entidade beneficiaria da subvención, debe cumprir todos os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como as obrigas previstas no artigo 11 da dita lei, entre as que se atopan as seguintes:

- a) Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula terceira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e facer constar expresamente, en toda publicidade ou presentación pública que se realice, o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, tal e como se prevé na cláusula décima deste convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Política Social e Igualdade así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) De acordo co previsto no artigo 29.3 do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de



contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

- e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- g) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- h) Presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade



co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- i) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
 - j) Subministrar Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
 - k) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio.
 - l) Obter as correspondentes autorizacións en relación ás obras e reformas a subvencionar establecidas no Decreto 254/2011, do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, e permanecer destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior a 5 anos dende o pagamento final á entidade beneficiaria, tal e como recolle o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O incumprimento disto dará lugar á revogación da concesión da subvención a través deste convenio, ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.
 - m) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
2. Igualmente, por tratarse de axudas financiadas polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, a entidade beneficiaria tamén deberá cumprir as seguintes obrigas:
- a) Someterase ás actuacións de control das institucións da Unión, en virtude do artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
 - b) Recadar e asegurar, para os efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á



execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, o acceso ás categorías harmonizadas de datos contempladas no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro.

- c) Cumprirá, executará e realizará o obxectivo fixado na actuación subvencionada de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID) (a creación de alomenos un centro de atención integral para as vítimas de violencia sexual en cada provincia, así como un nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, código CID 327) e reportará a información e documentación prevista como mecanismo de verificación recollida nas Disposicións operativas do Plan de Recuperación (OA).
- d) Será responsable da fiabilidade e do seguimento da execución das actuacións subvencionadas, de maneira que poida coñecerse en todo momento o nivel de consecución de cada actuación. Para ese efecto, reportará os indicadores debidamente calculados, así como os datos de seguimento, cualitativos e cuantitativos, sobre os resultados das actividades expostas e a consecución dos fitos e obxectivos, mediante informes parciais de progreso presentados semestralmente.
- e) Presentará un informe de execución final que inclúa a avaliación das actuacións, que acredite os resultados e conforme ao establecido no Anexo da proposta de Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- f) Cumprirá coa obriga de subministrar a información sobre os beneficiarios últimos das axudas, contratistas e subcontratistas, de conformidade co establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 e no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, incluíndo unha declaración de cesión de datos, conforme ao modelo do anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021 e unha declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais do PRTR, conforme ao modelo do anexo IV.C da Orde HFP/1030/1021.
- g) Deberá establecer mecanismos que aseguren que as actuacións para desenvolver por terceiros contribúen ao logro das actuacións previstas e que os devanditos terceiros acheguen a información que, no seu caso, fóra necesaria para determinar



o valor dos indicadores, fitos e obxectivos pertinentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, garantindo que os terceiros implicados na execución dos fondos da Unión concedan dereitos equivalentes aos requiridos á entidade beneficiaria.

- h) Asumirá o mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco desta subvención e a obriga de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda e Función Pública de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea.
- i) Custodiará e conservará os documentos en formato electrónico durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000,00 euros, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021, no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión.
- j) No deseño e execución das actuacións subvencionadas, a entidade beneficiaria garantirá o respecto ao principio de «non causar un prexuízo significativo» “DNSH”, conforme ao previsto no Plan de Recuperación, no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular a Comunicación da Comisión Guía técnica sobre a aplicación do citado principio “DNSH” en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como co requirido na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España. Iso inclúe o cumprimento das condicións específicas relativas ao principio DNSH recollidas no apartado 8 do Compoñente 22 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que recolle, respecto de cada un dos obxectivos medioambientais a seguinte xustificación substantiva:

1- Mitigación do cambio climático

Este investimento persegue realizar obras de rehabilitación e de construción de novas infraestruturas, nos que se asegurará un elevado nivel de eficiencia enerxética e a aplicación de criterios de sustentabilidade. Deste xeito mellorarase a



eficiencia enerxética conforme ao establecido Directiva 2010/31/EU do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de maio de 2010 relativa á eficiencia enerxética dos edificios o que contribuirá a menores consumos e, por tanto, a unhas menores emisións de gas de efecto invernadoiro (GEI). Este investimento tamén contempla a compra de equipamentos tecnolóxicos. Os equipos que se utilicen cumprirán cos requisitos relacionados co consumo enerxético establecidos de acordo coa Directiva 2009/125/EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadoras e servidores de computadoras ou pantallas electrónicas.

2- Adaptación ao cambio climático

Realizarase unha avaliación do risco climático e a vulnerabilidade das instalacións de infraestruturas e no seu caso, estableceranse as solucións de adaptación adecuadas para cada caso.

3- Transición a unha economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.

Os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de acordo ca Directiva 2009/125 / EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados en devandito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo co Anexo VII da Directiva 2012/19/UE.

A medida apoiará ao obxectivo europeo de conseguir que polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición xerados nos proxectos de infraestrutura (con exclusión dos residuos con código LER 17 05 04), se preparen para a reutilización, a reciclaxe e a revalorización doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais.

A entidade beneficiaria seguirá o principio de xerarquía dos residuos, dando prioridade á prevención, preparación para a reutilización, reciclado, valorización enerxética e por último eliminación, sempre que sexa posible desde o punto de vista ambiental. Os compoñentes e materiais de construción utilizados no



desenvolvemento da actividade non conterán amianto nin substancias altamente preocupantes identificadas na lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) nº 1907/2006.

Levaranse a cabo as medidas propostas no Protocolo de xestión de residuos da UE, co obxecto de limitar a xeración de residuos durante a construción. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en concreto, demostrarán, con referencia á norma ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe. Na construción e rehabilitación de edificios e instalacións, terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios, para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo.

4- Prevención e o control da contaminación

De igual maneira que ocorre coas emisións GEI, non se espera que a medida dea lugar a un aumento significativo das emisións de contaminantes á atmosfera, a auga ou o chan.

O carácter xeral das actuacións orientadas á substitución de sistemas de calefacción e refrixeración baseados en enerxías fósiles por outras tecnoloxías cero contaminantes, permitirá unha significativa redución das emisións ao aire e por conseguinte unha mellora na saúde pública. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.

5- Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

Asegurarase que as instalacións de infraestruturas non afectarán negativamente ás boas condicións e a resiliencia dos ecosistemas, tampouco ao estado de conservación dos hábitats e as especies, en particular os espazos de interese da Unión. Por iso cando sexa preceptivo, realizarase a Avaliación de Impacto Ambiental, de acordo co establecido na Directiva 2011/92/EU.

En todo caso, a entidade beneficiaria preverá mecanismos de verificación do cumprimento do principio «DNSH» e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do que deixará constancia na memoria xustificativa da subvención.



A entidade beneficiaria da axuda deberá prever mecanismos para asegurar que os contratistas ou subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo» aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do Regulamento 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088) e cos principios transversais establecidos no PRTR.

k) Garantirá o pleno cumprimento do compromiso coa etiquetaxe ambiental e dixital, de acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da Avaliación do plan de Recuperación e Resiliencia de España (Council Implementing Decision -CID) e no Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución do proxecto e de maneira individual para cada actuación. No relativo á contribución aos obxectivos medioambientais o "Plan España protéxete contra a violencia machista" (C22.I4) inclúese no campo de intervención "Renovación da eficiencia enerxética das infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio" (código 026), e no referente á contribución á transición dixital pode incluírse no campo de intervención 11, "Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións", con un coeficiente do 100%.

A Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e cantos órganos se contemplan no artigo 22 do RMRR poderán acceder á información contida no Rexistro de Titularidades Reais, creado polo Real Decreto-lei 7/2021, do 27 de abril, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de competencia, prevención do branqueo de capitais, entidades de crédito, telecomunicacións, medidas tributarias, prevención e reparación de danos ambientais, desprazamento de traballadores na prestación de servizos transnacionais e defensa dos consumidores, ou o acceso a outras bases de datos da Administración que poidan subministrar datos sobre os titulares reais.

Esta atribución terana tamén a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (en diante OLAF), o Tribunal de Contas e, cando proceda, a Fiscalía Europea. A información obtida poderá ser cedida á Secretaría Xeral de Fondos Europeos segundo as previsións contidas na normativa europea e nacional aplicable.



Décima.- Difusión da identidade corporativa do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

1. A entidade beneficiaria estará obrigada a cumprir as responsabilidades en materia de información e publicidade establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. En todo o material impreso, así como na difusión que se faga das actividades financiadas por esta subvención, deberá constar a colaboración do órgano concedente da subvención e a entidade beneficiaria, así como os seus logotipos.

2. Adicionalmente, farase mención da orixe do financiamento da subvención e velarase por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, de forma correcta e destacada o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado, que indique «financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU», xunto ao logo do PRTR. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. En particular, nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos a través de carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, deberánse incluír os seguintes logos:

a) O emblema da Unión Europea.

b) Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU».

4. Todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público.

5. A efectos de auditoría e control, e en base ao establecido no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os datos dos perceptores finais destas axudas serán públicos.

Décimo primeira.- Medidas que reduzan o risco de fraude, corrupción e conflitos de interese



1. Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) nº241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun “Plan de medidas antifraude” que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro.
2. Segundo dito artigo configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores a avaliación de risco de fraude, o enchemento da Declaración de ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade para abordar conflitos de interese.
3. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con programas ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-efondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con programas ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
4. O presente procedemento de concesión de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro de presupostos xerais do estado para o ano 2023, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de



xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano de concesión poderá solicitar á entidade beneficiaria a información da súa titularidade real cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través do sistema para a análise de risco e conflito de intereses MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información

5. Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo segunda.- Compatibilidade con outras axudas

Queda prohibida o dobre financiamento segundo establece o artigo 188 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xullo de 2018 sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, como principio xeral aplicable ás subvencións.

As reformas e os proxectos de inversión financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento MRR).

Coa finalidade de evitar o dobre financiamento, estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais para para o desenvolvemento das mesmas actuacións obxecto do programa que se subvenciona a través deste convenio.

Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral



1. Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a Fundación de Solidaridad Amaranta poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións citadas.

2. A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a esta consellería ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo cuarta.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo quinta.- Comprobación, inspección e control

1. A Consellería de Política Social e Igualdade con competencia en materia de servizos sociais e igualdade poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do destino das axudas concedidas a través deste convenio

As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentarlalla ao



órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

2. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Décimo sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación de Solidaridad Amaranta designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da da Consellería de Política Social e Igualdade designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de loita contra a violencia de xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de de loita contra a violencia de xénero, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sétima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente



1. Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

2. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Tamén se aplica a este convenio, por encadrarse no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o RD-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización de Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución presupostaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

3. As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitava. Subcontratación



A Fundación de Solidaridad Amaranta é a entidade beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio e asume a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Consellería de Política Social e Igualdade.

Poderá ser obxecto de subcontratación ata o 100% da actuación subvencionada nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na normativa en materia de axudas de Estado, así como ao establecido na Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Ordes HFP/1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro. En todo caso, quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A Fundación de Solidaridad Amaranta, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a Fundación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Fundación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixíranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

No caso de que subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto do convenio haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para prever e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «Do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do



devandito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

A entidade beneficiaria deberá identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluírán nos procedementos de licitación o seguintes extremos.

- a) NIF do contratista ou subcontratistas.
- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

Décimo novena.- Publicidade e rexistro do convenio

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



2. As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Vixésima.- Información básica sobre protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería competente en materia de servizos sociais, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos



poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Vixésimo primeira.- Vixencia

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, os gastos das actuacións a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2024 poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asínase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN DE
SOLIDARIDAD AMARANTA

Antonia López Arroyo

